Facultade de Ciencias
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

MBMCX

MÁSTER UNIVERSITARIO EN BIOLOXÍA MOLECULAR, CELULAR E XENÉTICA

ESPECIFICACIÓNS DA MODALIDADE HÍBRIDA OU SEMIPRESENCIAL NO MÁSTER UNIVERSITARIO EN BIOLOXÍA MOLECULAR, CELULAR E XENÉTICA DA UDC

(Documento aprobado na Comisión Académica do Máster o 21 de xullo de 2026)

A modalidade de aprendizaxe híbrida ou semipresencial deste máster está en consonancia coa Normativa que regula a modalidade docente dos estudos da UDC segundo a súa presencialidade aprobada pola UDC (30/04/2024)

https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2024/003358/document?logicalId=cf9e2895-cd3c-4ea1-8ea8-8e29d190cfac&documentCsv=FQHO4S04I7QO94Q7M6IDNM7G

No artigo 2.2 *defínese como modalidade de ensino híbrido: "aquela en que a actividade lectiva combina actividades académicas en modalidades presencial e virtual, sempre mantendo a unidade do proxecto formativo e a coherencia en todos aqueles aspectos académicos máis relevantes, aínda que a conxugación de modalidades docentes implique adaptacións dos elementos académicos a estas. A docencia dunha unidade organizativa (módulo, materia ou disciplina) considerarase híbrida cando entre 3 e 6 horas por crédito ECTS da mesma sexan impartidas de forma presencial. O conxunto da actividade lectiva que conforma unha unidade organizativa híbrida comprenderá entre 4 e 7 horas por crédito ECTS, a elección dá coordinación da mesma, e complementarase co traballo autónomo para constituír a actividade académica do alumnado, ata completar as 25 horas por crédito de dedicación do estudantado."*

O alumnado que se matricule na modalidade semipresencial acepta as súas condicións específicas e asume que dispón dos medios técnicos necesarios para poder utilizar a metodoloxía empregada.

1. NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS POR CURSO

O número de prazas na modalidade semipresencial será de 10 por curso académico. Este número poderá ampliarse no terceiro prazo de preinscrición e matrícula se non se cubrisen ata entón as prazas da modalidade presencial.

2. CONDICIÓNS EXIXIDAS PARA PODER ACCEDER Á MODALIDADE SEMIPRESENCIAL DO MÁSTER EN BIOLOXÍA MOLECULAR, CELULAR E XENÉTICA

Unha delas deberá acreditarse na preinscrición engadindo á documentación preceptiva algún dos seguintes documentos:

a) Estudantes que acrediten que a súa cidade de residencia está a máis de 80 km da cidade da Coruña (certificado de residencia).

b) Estudantes que acrediten un contrato de traballo a tempo completo.

c) Outras causas xustificadas que poidan ser consideradas pola Comisión Académica do Máster.

3. CONDICIÓNS ESPECÍFICAS DE IMPARTICIÓN DA MODALIDADE SEMIPRESENCIAL

Materias do primeiro cuadrimestre (6 obrigatorias)

Clases teóricas: A teoría das materias obrigatorias pode impartirse a través da teleplataforma Campus Virtual e/o mediante sesións/gravacións en Teams, ou ben ser substituídas pola consulta de fontes documentais.

Clases prácticas: O alumnado semipresencial cursará as materias obrigatorias nos períodos establecidos de cada curso, que se anunciarán con antelación á preinscrición no horario aprobado para o curso. Polo xeral, o alumnado semipresencial realiza estas prácticas obrigatorias de forma intensiva (en horario de mañá e tarde) e de forma presencial (Instalacións da Facultade de Ciencias, INIBIC ou CICA) entre novembro e decembro. Requírese dispoñibilidade para asistir á UDC nestas datas (ou noutras datas se estivesen programadas no horario correspondente) para poder matricularse na modalidade semipresencial.

Achega de traballos: Os traballos realizados para as materias obrigatorias poden entregarse en liña a través de Campus Virtual e seguindo o horario establecido previamente para cada curso e dispoñible na páxina web do máster e na organización de cada materia en Campus Virtual.

Exposición de traballos e seminarios. Realizarase a través da plataforma Teams.

Titorías: Nas guías docentes de cada materia establécense titorías síncronas a través da plataforma Teams que poden ser grupais (polo xeral por iniciativa do profesor) ou individuais (por iniciativa do alumno). Tamén poden organizarse a través dos foros de Campus Virtual ou por correo electrónico para preguntas específicas.

Os exames das materias obrigatorias e a súa revisión poderán realizarse en liña a través das teleplataformas Campus Virtual/Teams nas horas e horarios previamente establecidos nas convocatorias oficiais. As datas e horas establecidas para estudantes presenciais e semipresenciais serán coincidentes salvo as contempladas no artigo 12 das "**Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e máster universitario**". Estes datos figuran no horario oficial aprobado para cada curso con anterioridade ao prazo de matrícula.

Materias do segundo cuadrimestre (1 obrigatoria e o resto optativas)

Materia obrigatoria de Emprendemento e Autoemprego

Esta materia impártese na súa totalidade en formato en liña a través das teleplataformas Campus Virtual/Teams nas horas e horarios previamente establecidos nas convocatorias oficiais.

Materias optativas

Ofértanse en cada curso académico e anúncianse cada ano na páxina web do máster.

Clases teóricas: A teoría das materias optativas pode impartirse a través da teleplataforma Campus Virtual e/o mediante sesións/gravacións en Teams, ou ben ser substituídas pola consulta de fontes documentais.

Clases prácticas: Existen dúas posibilidades de optativas: a) optativas ofertadas mediante ABP (aprendizaxe baseada na resolución de problemas) ou outras metodoloxías especificadas nas guías docentes nas que, por tanto, a docencia práctica é a distancia. b) optativas non ofertadas en modalidade semipresencial; neste caso as prácticas realizaranse de forma presencial na UDC e coincidirán coas prácticas da modalidade presencial descritas na programación do curso.

Para a entrega de traballos, exposición de traballos e seminarios, titorías, exames e a súa revisión, seguiranse os criterios expostos anteriormente para as materias do primeiro cuadrimestre.

4. PRÁCTICAS EXTERNAS EN EMPRESAS OU INSTITUCIÓNS DE INVESTIGACIÓN

Esta materia de 6 créditos é optativa e poderá realizarse en entidades da zona de residencia do alumnado que asine un convenio coa UDC.

Unha vez asignado/a un/a titor/a na empresa e un/a titor/a académico/a pertencente á Comisión Académica do Máster, o resto dos procedementos rexeranse pola mesma normativa que a modalidade presencial.

Existe a posibilidade de recoñecer prácticas externas por traballos profesionais previamente realizados en temas relacionados cos contidos do máster.

5. TRABALLO FIN DE MÁSTER

Os Traballos Fin de Máster realizaranse de forma presencial excepto nos casos excepcionais descritos no apartado específico de TFM.

Existen dúas posibilidades de realizalo:

a) Nun dos grupos de investigación participantes no máster a través dunha estancia presencial intensiva de 3 semanas (120 horas) para a realización da parte experimental.

b) Tamén poderá realizarse en grupos de investigación (de entidades públicas ou privadas) na zona de residencia do estudante que acepten ao estudante e propoñan un proxecto de formación.

A defensa pública do TFM poderá realizarse presencialmente ou por videoconferencia a través da plataforma Teams.